



Retrato de Claudio Fernández Luanco polas fechas nas que dirixía el periódico Castropol

Á VILLAAMIL

CORREDE, NENAS, CORREDE;
CORREDE, CORREDE AXINA;
VIDE VER Á DON FERNANDO;
¿NON LO VEDES ALÍ ENRIBA?
¿POS NON DECÍAN QUE MORRERA,
Y QUE XA TABA NA GRORIA?
ANQUE VOS MORREO PRAL MUNDO,
¡TAVOS BEN VIVO NA HISTORIA!
¿PERO: Á SUA IMAXEN NON TÁ
COMO TAN NA IGRESÍA AS OUTRAS?
SI NON SAL EN PROCESIÓN.....
¡VIMOS FACERYA NOSOUTRASI

Claudio Luanco

Desde la Argentina

RECORDOS

Paisaxes da mía terra,
Xa non vos verei mais.
¡Cántas penas me costan!
¡Qué lonxe, lonxe tais!
Berran nos meus ouguidos
As olzas del tou mar,
A aroma d' as túas flores,
Das aves el cantar.
Noites de branca lúa,
Días de calent: sol,
Mañás de primavera,
Tardes frescas de amor.
Recordós da mía terra
Que xa non verei máis,
¡Cántas penas me costan!
¡Qué lonxe, lonxe tais!
Rosario de Serantes,
San Bartolo de Tol,
San Esteban de Barres,
Santiago en Castropol.
San Román das Figueiras,
Ferías de Silvallá,
Xa non volverey veros.
¡Qué lonxe, lonxe tais!
A madre que de neno
Nel colo me arrolóu,
Pra darne pan y roupa
A sua vida acabóu.
¡Cóntra pena me costa
Non podela abrazar!
Xa non volverei verla.
¡Muy lonxe de min ta!

José Antonio Pérez.

N el periódico *Castropol* —da villa del mesmo nome— tamén se publicaban colaboraciós en gallego-asturiano, sobremanera de mena poética. El periódico fora fundao por Claudio Fernández Luanco en 1905 y nese llabor axudábanye úa partida de mozos muitos d'ellos universitarios. El ideario del periódico era reformista y, na realidá, era el órgano d'espresión del *Partido Independiente*, agrupación amañada al redor del castropoleño Vicente Lorient, persona sin un color político determinao pero esmolido por darye al occidente asturiano úa mayor influencia nel resto d'Asturias. Dentro d'esa busca de presencia na escena política, en 1913 el Partido Independiente hase xuntar col Partido Reformista de Melquiades Álvarez.

Claudio Fernández Luanco (Castropol 1838-1916), médico y fundador da festa d'*El Bollo* d'Avilés, volvéu prá súa villa natal pra dar empeno en 1905 al andadura del *Castropol*. Allí ha publicar as famosas *Saetas* que tanta ampolla fían al Partido Conservador. Escríbialas en castellano pero, de ralo en ralo, dalgúa qu'outra fíala na nosa fala. Nun monográfico de 1911 del periódico que se dedicóu a chufar a figura del almirante Fernando Villaamil, escribió us versos en gallego-asturiano, "A *Villaamil*", qu'agora reproducimos.

Como era avezo na prensa del época, tamén el periódico *Castropol* enchía as suas columnas con colaboraciós, tanto de crítica política como lliterarias, firmadas con seudónimos y, ás veces, nin eso.

Neste caso, amostramos us versíos de xeneiro de 1912 sin máis aquel qu'a gracia da copra pero que tein el sou interés por ser dos primeiros que conocemos. Firma un tal T. que nun sabemos quén poda ser porque nun coincide con nengún dos personaxes conocidos d'alredor del periódico.

D'us anos despóis, de 1915, é úa poesía escrita na nosa fala —"Recordos"— que manda al periódico dende el Arxentina un emigrante, José Antonio Pérez, del que nada sabemos pero que de seguro botaba ben en falta a súa terra. Al cabo, é úa mostra de cómo a cultura propia se valora máis conto máis llonxe se ta da casa.

D'esta volta temos búas copias del periódico y podemos publicar úa reproducción facsimilar.

¡Chis!

Cerrade el oyo, dormide;
apigarzai, rapacíos,
que andan os guardias por ei,
escuitando donde hay ruido.,
y os veyos van asustarse
si vos oin dar esos gritos.
¡El papón! ¡Hui, cómo medo!
A dormir, calar y ¡chito!

T.



Ei temos el porto del Ribeiro en Ortigueira (Cuaña) a empezos del siglo, emporondao entre dúas arbulladas, cuas súas casas engarabitadas nos penedos. Taliando el mar, el porto del Ribeiro é pouco más qu'úa prayía de gouños, llabrada pol Río Fundión.

Nos oríxenes, Ortigueira nacéu como úa comunidá qu'aprendéu a medrar da pesca pero xa dende hai muitos anos é sobre todo un llugar de marineiros de barcos mercantes dadas as condicións tan amoladas pa vivir da pesca nun porto tan pequeno.

Retratada, pode taliarse nel Ribeiro a casa veyá del Portal que, según os veyos, é a primeira casa que se fixo en Ortigueira y por marineiros vasco-franceses ou bretóis.

✦ Xurde Gayol García

PTO. DE ORTIGUERA. (NAVIA) ASTURIAS
VISTA DESDE LA FUENTE DE ARELLO

